


## Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.

Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.

Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.

PR-G 238 — Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

### MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada practicante unha mellor elección. De calquera forma, o usuario debe saber que a natureza é máis complexa que o que pode valorar o MIDE. Os valores van de 1 a 5 puntos.

Máis información: www.euromide.info

**MIDE** — PR-G 238 Ruta dos petróglifos de Teo

| | | | |
|---|---|---|---|
| horario | 3 h 45 min | 2 | severidade do medio natural |
| desnivel de subida | 300 m | 2 | orientación no itinerario |
| desnivel de baixada | 300 m | 2 | dificultade no desprazamento |
| distancia horizontal | 11.9 km | 3 | cantidade de esforzo necesario |
| tipo de percorrido | Ida e volta | | |

A ruta non está exenta de riscos: atención coas crianzas. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.

PR-G 238
Mapas IGN 1:25.000: 120-II


CONCELLO DE TEO

Concello de Teo
A Ramallosa 38, Lucí
15883 Teo - A Coruña
981 81 57 00


**P*artindo de Cornide, o percorrido adéntrase nun espazo físico de pequenos outeiros graníticos e lenes chairas ocupadas por gran cantidade de restos arqueolóxicos.***

***Este sitio arqueolóxico representa unha das áreas de maior importancia en Galicia, e sen igual na Comarca de Compostela, pola gran densidade de xacementos de mámoas e petróglifos existentes e polas características dalgúns destes gravados.***



***Son moi relevantes os petróglifos de Río Angueira ou de Monte de Cornide, cun conxunto de escenas de monta, unha delas sobre un cervo; o petróglifo de Outeiro do Corno I, de gran importancia e recoñecemento na comunidade galega, que amosa na súa parte central un motivo cuadrangular segmentado acompañado dunha daga; e tamén os petróglifos de Pedra Bicuda de Loureiro que representan numerosos gravados xeométricos de gran porte (combinacións circulares e espirais) e figurativos (cervos e cánidos).***

***De todos nós depende a súa divulgación e a súa coidada conservación.***


Actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia

XUNTA DE GALICIA

galicia

F. G. M.

**PR-G 238**
**Ruta dos petróglifos de Teo**
Ruta homologada en 2018

Deseño: SEGATUR S.L. - Tel. +34 886 11 70 11 - www.segatur.es


CONCELLO DE TEO

# PR-G 238

GALICIA

# Ruta dos petróglifos de Teo



Ruta sinalizada

1 mapa do percorrido escala 1: 16.000

F. G. M.

WWW.TEO.GAL



Foto: Colectivo a Rula